

## **INFORME TÉCNICO SOBRE XUSTIFICACIÓN DE OFERTA ECONÓMICA**

Nº de expediente:  
Obra/feito: PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS 2018

Situación: A ESTRADA  
Licitador: CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL

### **Antecedentes**

- Construcciones Taboada y Ramos S.L. presentou ante o Concello da Estrada oferta económica para as obras de "PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS 2018".
- A oferta presentada por este licitador incorre PRESUNCIÓN DE VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS, segundo o recollido nos pregos de cláusulas económico-administrativas que rexen para a contratación da obra.
- Con data de 23 de outubro de 2018, o licitador presentou ante o Concello da Estrada unha xustificación da oferta económica.

Examinada a documentación aportada,

### **INFORMO**

**PRIMEIRO.** A documentación aportada polo licitador consiste nunha memoria explicativa da oferta presentada.

Xustifica a oferta na ampla experiencia na realización deste tipo de obras, o que traduce nunha redución dos Custos Directos (parque de maquinaria amortizado, descontos en materiais, rendementos altos); na redución dos Custos Directos (por tratarse dunha obra de mediano volume) e na redución dos gastos xerais e beneficio industrial (debido ó coñecemento adquirido na realización de outras obras na mesma zona).

**SEGUNDO.** Á vista da xustificación presentada, o licitador asume a realización da obra cunha baixa do 32%.

**TERCEIRO.** O art. 149 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, establece no seu punto 4º que a mesa de contratación ou, no seu defecto, o órgano de contratación, poderá pedir xustificación a estes licitadores sobre aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos da mesma e, en particular, no que se refire ós seguintes valores:

- a) o aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.
- b) as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- c) a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- d) o respecto de obrigas que resulten aplicables en materia medioambiental, social e laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran establecido no art. 201.
- e) A posible obtención dunha axuda do Estado.

**CUARTO.** A xustificación proposta, debería incluír cando menos, unha descomposición de prezos cos rendementos e prezos unitarios de materiais e man de obra que permitise xustificar o cumprimento das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes, prezos de mercado, etc.

### **CONCLUSIÓNS:**

A memoria aportada polo licitador non acada o nivel de definición suficiente para a xustificación da oferta desproporcionada ou anormal, conforme ó recollido no art. 149 da LCSP.

A Estrada a 29 de outubro de 2018.

Daniel Órrea Corral  
Arquitecto Técnico Municipal